

Une os puntos do debuxo
e ordena as letras para
descubrir a palabra agochada

**Que che parece esta actividade?**
**Contamos coa túa opinión para mellorar**

Busca 13 palabras
relacionadas coa comida

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | A | P | E | S | C | A | D | A |
| U | I | G | L | A | M | T | R | Q |
| M | O | R | T | X | C | O | I | U |
| A | X | E | A | N | E | S | P | E |
| Z | A | L | N | B | R | O | A | I |
| A | M | O | R | A | E | L | N | X |
| N | O | Z | A | T | I | Q | L | O |
| U | N | T | R | A | X | O | U | C |
| N | I | P | A | T | A | C | A | E |



ASOCIACIÓN HOSTELERIA COMPOSTELA

**INFORMACIÓN E INSCRICIÓN**

Centro de Formación e Cultura Gastronómica
Rúa das Salvadas, 29 baixo (Vista Alegre)
Tel. 981 583366 - Fax. 981 582041
formacion@santiagohosteleria.org
www.santiagohosteleria.com

COA COLABORACIÓN DE:

CONCELLO DE SANTIAGO

facebook.com/hosteleria.compostela - comphosteleria
#comphosteleria
YouTube comphosteleria

ASOCIACIÓN HOSTELERIA COMPOSTELA

**Para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos**
**Inclúe o almorzo e o xantar**

# CAMPUS DE Cociña Infantil CompH!ostelería



XUNTA DE GALICIA

Dende o 1 de xullo ata o 2 de agosto de 2013, en quendas semanais de luns a venres, de 9 a 14.30 horas

O prezo inclúe o almorzo e o xantar no Centro de Formación e Cultura Gastronómica de Hostelería Compostela

## Obxectivos

O que se pretende coa organización deste Campus de Cociña Infantil é fomentar entre os nenos/as participantes a cultura gastronómica e crear unha conciencia de alimentación sa e saudable afondando en todos aqueles elementos que teñen que ver coa alimentación: materias primas (peixes, carnes, hortalizas, legumes, froitas, etc.), o proceso de elaboración na cociña, a limpeza e a preparación dos alimentos, e a importancia dos sentidos para apreciar os matices e a riqueza da nosa cultura gastronómica.

Ao longo deste curso desenvolveranse diversas actividades como visitas á Praza de Abastos; obradoiros do gusto e dos sentidos, do leite e do queixo, dos peixes e dos mariscos, da carne, do chocolate; manualidades gastronómicas e outras actividades tan importantes como o hábito de poñer e de recoller a mesa para o almorzo e para o xantar.

Fomentar a conciliación da vida laboral e familiar, ensinarlles aos nenos/as a importancia de comer toda clase de alimentos, porque cada un deles cumpre unha función no noso organismo, identificar os alimentos básicos da nosa alimentación e os seu nomes e facer que os nenos/as gocen dunha experiencia única son os obxectivos máis salientables deste Campus de Cociña Infantil Campus**H!**ostelería, co que queremos abrir as portas do noso Centro de Formación e Cultura Gastronómica á sociedade en xeral.

## Idades

De 6 a 12 anos

## Datas

Dende o 1 de xullo ata o 2 de agosto, en quendas dunha semana. De luns a venres.

## Horario

De 09.00 a 14.30 horas

## Prezos

| | | |
|---|---|---|
| 1 semana | 100 € | • Aplícase un desconto dun 10% por cada semana a maiores.<br>• A semana do 25 de xullo (festivo) o prezo é de 80 €<br>• Descontos para as familias que desexen inscribir varios fillos/as. Bonificación dun 10% por cada fillo/a a maiores.<br>• **Bonificación dun 10% a socios de Hostelería Compostela.** |
| 2 semanas | 180 € | |
| 3 semanas | 270 € | |
| 4 semanas | 360 € | |
| 5 semanas | 432 € | |

**O prezo inclúe almorzo e xantar no Centro.**

## Xornada diaria

08.45 - 09.00 h Recepción dos nenos/as na entrada do Centro de Formación e Cultura Gastronómica

09.00 - 09.45 h Almorzo (montaxe e recollida)

09.45 - 11.45 h Visita programada ou manualidades gastronómicas. Aprende xogando

11.45 - 12.45 h Obradoiro monográfico. Identificación dos nomes dos produtos alimentarios en galego

12.45 - 13.30 h Aprende a cociñar

13.30 - 14.30 h Xantar (montaxe e recollida)

14.30 - 14.45 h Recollida dos nenos/as

## Formulario de inscrición

### Datos do neno/a

Nome: .................................... Apelidos: ........................................................ Nacemento: ....................................

### Datos do pai, nai ou titor/a

Nome: .................................... Apelidos: ..................................................................................................................

Domicilio: ................................................ Localidade: .................................... Provincia: ................................

CP: ............................................ Teléfono 1: .............................................. Teléfono 2: ..............................................

Enderezo electrónico: ..............................................................................................................................................

### Outras persoas autorizadas para recoller o neno/a

Nome: .................................... Apelidos: ........................................................ Teléfono: ....................................

Nome: .................................... Apelidos: ........................................................ Teléfono: ....................................

### Intolerancias alimentarias do neno/a

¿Ten o neno/a intolerancia a algún tipo de alimento?: ☐ SI ☐ NON

Observacións: ..............................................................................................................................................

### Solicitude de inscrición nas seguintes semanas

Do 1 ao 5 de xullo ☐
Do 8 ao 12 de xullo ☐
Do 15 ao 19 de xullo ☐
Do 22 ao 26 de xullo ☐
Do 29 de xullo ao 2 de agosto ☐

### Condicións para a inscrición e formas de pagamento

O número de prazas é limitado. O criterio de admisión dos nenos/as será por rigorosa orde de inscrición.

**O período de inscrición comeza a partir do 1 de xuño** presentando debidamente cuberto o formulario que se achega nas oficinas do Centro de Formación e Cultura Gastronómica, rúa das Salvadas 29 baixo de Santiago de Compostela.

**Formas de pagamento:**

a) En efectivo, nas nosas oficinas.

b) Por transferencia bancaria ao nº de conta do **Banco Etcheverría 0031-0008-42-1030003441**, indicando no concepto: nome e apelidos do neno/a + CampusH!ostelería. Non se fará efectiva ningunha inscrición que non veña acompañada do recibo de pagamento.

### Sinatura do pai, nai ou titor/a

A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA informa de que os datos de carácter persoal que nos faciliten, serán obxecto de tratamento automatizado dos nosos ficheiros. Poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD. 15/1999).
HOSTELERÍA COMPOSTELA resérvase o dereito a anular algunha quenda se non se alcanza un número de prazas mínimo.